



# PLAN DIGITAL

IES da Terra Chá,  
José Trapero Pardo

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- NOME DO CENTRO: IES da Terra Chá, José Trapero Pardo
- Dirección: Avenida da Terra Chá s/n
- Correo electrónico: [ies.terra.cha@edu.xunta.gal](mailto:ies.terra.cha@edu.xunta.gal)
- Páxina Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesdaterracha/>
- Etapas Educativas: ESO, BAC e Formación Profesional
- N.º de Alumnado: 253
- N.º de Profesorado: 45

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES da Terra Chá, José Trapero Pardo, atópase situado na vila de Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei, Lugo). En xeral a Terra Chá, e en particular esta vila, son zonas esencialmente rurais, cunha renda per cápita media-baixa e cun nivel de formación académica tamén baixo.

En parte debido a estas características, o nivel de dixitalización e de manexo das TIC é baixo. Por unha banda, os habitantes dos pobos aos que lles corresponde este centro non contan coa infraestutura necesaria para favorecer o uso das TIC (deficiencias na velocidade de internet, fundamentalmente); isto sumado ás baixas rendas, fai que a adquisición de equipos TIC sexa complicada. Por outra banda, e como consecuencia do anterior, o nivel de formación TIC vese afectado, xa que non se aprende o que non se pode acadar.

O Plan Dixital tamén está moi relacionado coa Programación Xeral Anual (PXA) do IES da Terra Chá, xa que como se indica no documento, algúns dos obxectivos do centro é a integración das TIC no día a día, facer de internet unha ferramenta básica na Competencia de Aprender a Aprender, e entender que as novas tecnoloxías son unha parte fundamental na nosa vida, polo que hai que coñecelas e empregarlas, sendo conscientes dos riscos que poden traer consigo.

Cabe destacar, polo tanto, que o Plan Dixital é unha ferramenta que serve para achegar as novas tecnoloxías ao noso centro, tendo en conta as circunstancias nas que o mesmo se atopa (principalmente debido a razóns socioeconómicas), e os obxectivos que se definen no plan de acción (punto 3.1) están enfocados a solventar certas carencias básicas co fin de poder ampliar e mellorar o uso das TIC por parte de toda a comunidade educativa que forma parte do centro. Unha vez solventadas as carencias de base, poderase ampliar o espectro de mellora nos vindeiros cursos.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A relevancia do desenvolvemento deste plan vese reflectida na lexislación vixente, onde atopamos numerosos exemplos, como poden ser:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a realización do Plan Dixital, o primeiro que se fixo foi formar un equipo de dinamización do mesmo. Tras unha primeira reunión inicial (na que se tomaron decisións en canto ao funcionamento e se concretou o test SELFIE), tivemos dúas formacións, unha sobre o DAFO e outra sobre o Plan de Acción. Estas tarefas realizáronse nas dúas xuntanzas seguintes -unha para cada actividade- ata acadar o resultado final.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O IES da Terra Chá conta, ademais das aulas comúns, con dúas aulas de informática, unha aula de tecnoloxía, dúas aulas de audiovisuais e unha aula de PMAR, dotadas de un ordenador por posto. Ademais, cada aula común ten un ordenador portátil para o profesorado e un proxector. Na biblioteca hai seis ordenadores á disposición do alumnado, e na sala de profesores atopamos 4 ordenadores para o uso dos docentes. Ademais, o centro dispón de 19 ordenadores portátiles para préstamo a alumnado que non dispoña de ordenador na súa casa. Tendo en conta todo os equipos do centro (despachos, departamentos, aulas, etc.), hai uns 180 equipos direcionados, 4 impresoras en rede e 26 proxectores.

Ademais, contamos con rede a internet sen fíos, polo que todos os ordenadores do centro están conectados a alta velocidade, xa que hai máis de 20 puntos de conexión repartidos polo edificio.

En canto ao mantemento da infraestrutura TIC do centro, este lévase a cabo a través dunha empresa privada, que ás veces faise insuficiente para xestionar todo o equipamento do que dispón o centro. Sería beneficioso, polo tanto, ter un apoio en termos de mantemento do centro.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a realización da análise DAFO do centro, fixéronnos chegar dous test (o test SELFIE e o test CDD) como unha ferramenta para obter datos que poideran servir de proveito para a realización do DAFO. Os resultados obtidos nos mesmos foron os seguintes:

**-Test SELFIE.** Este test desenvolveuse a partir dunha iniciativa da Comisión Europea e, sen dúbida, pode arrojar moita luz sobre algúns aspectos relacionados coas TIC nos centros. O problema desta ferramenta é que non se axusta á realidade dun centro rural de Galicia por varios motivos. En primeiro lugar, a súa estrutura non está deseñada acorde coa nosa forma de organizar os centros educativos. Isto reflítese en que unha persoa que, por exemplo, imparta docencia en ESO, BAC e FPB e, ademais, sexa membro do equipo directivo, tería que facer un total de 6 tests prácticamente iguais (3 por ser profesor en cada unha desas ensinanzas e outros 3 por ser membro do equipo directivo nesas ensinanzas). Por outra banda, algunhas das preguntas deseñadas para que as respondesen os alumnos non se axusta á realidade rural, xa que moitos estudantes nin sequera dispoñen de equipos informáticos ou conexión a internet. Debido a estes factores, a porcentaxe de participación foi ínfima (só se chegou ao mínimo no apartado do equipo directivo; nos apartados de docentes e estudantes a porcentaxe foi moito menor), polo que os resultados non se poden considerar representativos. Con todo, na seguinte táboa amósanse os resultados obtidos:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		4	3,7	3,6	
	Profesorado		3,4	2,7	4,1	
	Alumnado		-	-	-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,9	3,3	3,3	
	Profesorado		2,7	1,7	3,7	
	Alumnado		3,3	1,8	3,1	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4,1	3,9	3,8	
	Profesorado		3,5	3,1	4,4	
	Alumnado		3,6	3,2	3,3	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,2	4	3,8	
	Profesorado		3,8	2,6	4,3	
	Alumnado		-	-	-	

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,9	3,9	3,6	
	Profesorado		3,8	3,6	4,3	
	Alumnado		4,1	4	3,8	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,7	3,5	3,3	
	Profesorado		2,6	2,4	3,4	
	Alumnado		3	2,5	3,2	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,7	3,5	3,3	
	Profesorado		2,5	2,1	3,2	
	Alumnado		2,8	2,3	3,1	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,9	3,9	4,1	
	Profesorado		3,3	2,5	4,1	
	Alumnado		3,6	3,4	3,1	

-Test CDD. No caso deste test, e debido en parte á mala adaptación do anterior, o resultado foi aínda peor. Só participaron 13 dos 49 docentes convocados, polo que en ningún caso se tiveron en conta os resultados do mesmo. O comentario xeral das persoas que si o fixeron foi que era un test moi confuso e que non parecía estar vencellado ao sistema educativo actual. A continuación preséntanse unhas táboas-resumo da información obtida.:

*Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	30	20
PROVISIONAL	1	5	20
INTERINO	1	1	100
SUBSTITUTO	5	9	55,6
DESPRAZADO	0	4	0

*Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
70,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

*Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	67,7	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	60	Explorador/a (A2)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	86,4	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

*Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	7,7
A2	4	30,8

<b>B1</b>	6	46,2
<b>B2</b>	1	7,7
<b>C1</b>	1	7,7
<b>C2</b>	0	0
<b>TOTAL</b>	13	100,00%

Debido a que os resultados dos test non se consideraron válidos pola escasa participación, o grupo de docentes encargado da realización do Plan Dixital reuniuse e decidíronse os puntos correspondentes ás Fortalezas e Oportunidades do centro, así como tamén aqueles nos que se precisaba poñer especial atención, é dicir, as Ameazas e as Debilidades. Para isto fíxose unha posta en común na que se compartiron os puntos de vista dos integrantes. Asimismo, tívose en conta a opinión doutros membros do claustro que non formaban parte do equipo do Plan Dixital, especialmente do coordinador Abalar.



### 2.3. Análise DAFO

A partir desta posta en común, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	-Existencia de equipos para o profesorado en todas as aulas.	-Ás veces, o equipamento TIC presenta problemas que necesitan asistencia técnica inmediata -O persoal docente encargado da asistencia TIC non ten a suficiente dispoñibilidade horaria para atender o centro, polo que se precisa asistencia externa -Falta de material e conexión. -Falta de aulas específicas/materia con material suficiente para todo o alumnado.
	PERSOAL DOCENTE		-Falta de formación específica para o profesorado.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	-O alumnado está interesado nas TIC	
	FAMILIAS		-Dificultade dalgunhas familias para acceder a recursos dixitais. -Falta de interese dunha parte das familias polo uso das tecnoloxías.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	-O centro conta cun elevado número de docentes que participan no plan dixital e dispostos a mellorar.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	-A apertura de plans formativos para o claustro.	
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		-O medio rural é menos proclive ao uso e aprendizaxe das TIC.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	-A creación do plan dixital pode supoñer un punto de inflexión cara a mellora no ámbito das TIC. -O plan dixital pode supoñer unha achega de recursos para poder beneficiar ás familias.	-Excesiva preocupación polas TIC ata o punto de ser obxectivo e non ferramenta. -Dentro dun plan ou sector estratéxico, os obxectivos deben ser realistas. Dado o punto de partida do rural galego, é complexo que isto sexa así.

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez realizada a análise DAFO do centro, o seguinte paso foi a creación do Plan de Acción. Para isto, os membros do equipo do Plan Dixital tivemos unha xuntanza na que definimos dous obxectivos prioritarios para o curso 2022/2023. As premisas para a elaboración de ditos obxectivos foron, por unha banda, que foran factibles e alcanzables; por outra, que resolveran as principais carencias que nos atopamos de cara a fomentar a inclusión das TIC no centro de maneira integral: o mantemento dos equipos e a formación dos docentes.

Unha vez determinados os obxectivos, o seguinte paso foi establecer aos responsables dos mesmos, definir as accións que se levarán a cabo para garantir o éxito do obxectivo e establecer un indicador de logro para cada un dos obxectivos. O resultado final é o que se mostra nas dúas táboas que se presentan a continuación:

**Área/s de mellora: PEDAGOXÍA. APOIO E RECURSOS**

<b>OBXECTIVO 1</b>	Promover a formación TIC entre o profesorado.			Acadado		
<b>Responsable</b>	Equipo Directivo			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	O 50% do profesorado ten formación TIC					
<b>Valor de partida</b>	0 cursos realizados a principios de curso					
<b>Valor previsto e data</b>	Que o 50% do claustro realizara algún curso de formación TIC.			Curso 22/23		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Informar en claustro da necesidade de formación TIC</b>	Equipo Directivo e coordinador TIC	20/09/2022	CEFORE E CAFI		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Pasar unha enquisa ao claustro para coñecer as áreas de interese e mellora</b>	Equipo Directivo e coordinador TIC	20/12/2022	Dispositivos electrónicos (PC, smartphone, tablet...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Realización de cursos ou formacións durante o ano académico</b>	Equipo Directivo e coordinador TIC	23/06/2023	Dispositivos electrónicos (PC, smartphone, tablet...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

## Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS

<b>OBXECTIVO 2</b>	Acadar unha maior asistencia TIC			Acadado		
<b>Responsable</b>	Equipo Directivo			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Aumento da satisfacción da asistencia TIC no centro					
<b>Valor de partida</b>	Malestar xeralizado pola falta de asistencia técnica no centro					
<b>Valor previsto e data</b>	Aumentar nun 50% o valor de partida acadado			Curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Pasar unha enquisa ás persoas encargadas da asistencia TIC para atopar debilidades e outra ao claustro para coñecer a súa satisfacción coa asistencia TIC ata o momento	Equipo Directivo e coordinador TIC	01/10/2022	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Tomar as medidas pertinentes (solicitude de liberación de horas para o/a docente encargado da asistencia TIC, asistencia privada, etc.) para mellorar os resultados	Equipo Directivo e coordinador TIC	20/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Pasar unha enquisa final para avaliar os resultados das medidas tomadas	Equipo Directivo e coordinador TIC	23/06/2023	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Actualmente, tal e como se atopa, o centro non precisa de máis equipamento nin infraestruturas tecnolóxicas. Porén, e dependendo da evolución do sistema educativo en ámbito TIC, é posible que si se precise dunha renovación do equipamento no futuro, xa que moito do equipamento do centro está en perigo de quedar obsoleto próximamente -sobre todo a nivel de *software*-, xa que hai algúns equipos que non soportan certos programas informáticos que se usan nas materias tecnolóxicas.

### 4. Avaliación do plan

Unha vez implantado o Plan Dixital no curso 2022/2023, será preciso avaliar o desenvolvemento do mesmo e a consecución dos obxectivos marcados. Para isto, dividiremos a avaliación en dous puntos: a avaliación procesual e a avaliación final.

A avaliación procesual será a que nos indique o estado dos obxectivos durante o proceso do seu desenvolvemento. Será preciso ter unha avaliación por trimestre para comprobar que todo avanza segundo o previsto e para ter certa marxe de manobra para facer modificacións en caso de que isto non sexa así.

A avaliación final farase ao rematar o curso, e servirá para facer balance do acadado durante o ano e si se lograron ou non os obxectivos. Tamén é importante propoñer melloras de cara ao curso seguinte co fin de ser cada vez máis precisos.

### 5. Difusión do plan

Unha vez rematado e aprobado o Plan Dixital, este será publicado na páxina web do centro co fin de que toda a comunidade educativa teña acceso a el.